



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL A LARACHA

*II concurso de fachadas, fiestras, balcóns e xardíns. Nadal 2024*

### PRIMEIRA – Obxecto

É obxecto deste concurso o de ambientar as rúas, parroquias e vivendas do municipio con motivos propios das datas do Nadal.

### SEGUNDA – Participantes

Poderán participar todas as vivendas que se atopen no termo municipal da Laracha e sexan adornadas con motivos de Nadal.

Deberá haber un mínimo de 5 participantes por categoría para que o concurso se poida celebrar.

Queda excluída a participación de comercios e establecementos, xa que teñen outro certame específico no concurso de escaparates.

Os espazos poderán ser: balcóns, fiestras, portas, fachadas de casa ou xardín exterior, etc.

### TERCEIRA- Inscripción

As persoas participantes poderán facer a inscrición de maneira telemática na seguinte ligazón <https://forms.gle/Ui-jvcVGABTggZLsV7> (QR) que estará dispoñible na páxina web [www.alaracha.gal](http://www.alaracha.gal). Tamén se poderá facer de forma presencial no Concello

### CUARTA -Prazo de inscrición

O prazo de presentación de solicitudes de participación comeza a partir do seguinte ao da publicación das bases da convocatoria no BOP e remata o **20 de decembro de 2024**.

### QUINTA – Condicións de participación

A decoración terá que ter relación coa festividade de Nadal e os motivos tradicionais da mesma, tendo os participantes plena liberdade en canto á técnica e o estilo.

Para a decoración de Nadal poderán empregarse todo tipo de materiais que os participantes consideren oportunos (sempre que non ocasionen un perigo para os viandantes), quedando excluído o lume (fachos, velas, etc.) ou calquera outro elemento de pirotecnia (petardos, bengalas, etc.). Si estarán permitidos os elementos de decoración iluminativos.

A montaxe e desmontaxe dos elementos decorativos correrán a cargo das persoas participantes.

A decoración terá que estar necesariamente visibles dende o exterior.

### SEXTA – Duración da decoración

A decoración terá que permanecer sen variacións desde o 20 de decembro de 2024 ata o luns 6 de xaneiro de 2025, co obxecto de que poidan contemplarse durante todas as Festas de Nadal.

En caso de que se producira algún tipo de dano do material empregado durante este período de exposición, este será responsabilidade do particular ou colectivo propietario da decoración e non da entidade organizadora deste concurso.

### SÉTIMA- Categorías de concurso

Haberá dúas categorías de concurso:

- **Vivendas unifamiliares:** Nesta categoría poderán entrar as casas, fachadas ou xardíns das vivendas unifamiliares do municipio.
- **Fiesta, balcón ou fachada de edificio:** Participarán desta categoría as fiestras, balcóns ou fachadas decoradas en edificios.

### OITAVA – Modalidade de valoración

Haberá dúas modalidades de valoración:

- **Valoración do Xurado:** Valoraranse aspectos como o deseño e orixinalidade, iluminación, emprego de materiais reciclados e a tradición popular.

O xurado do concurso pasará a ver as fachadas das vivendas unifamiliares, as fiestras, os balcóns e as fachadas de edificios o **2 de xaneiro de 2025 a partir das 18:00**, polo que deberán estar preparadas e con todas as luces acendidas para que se poida valorar.

- **Votación de Facebook:** para participar é necesario enviar unha única fotografía ao seguinte correo: [cultura@alaracha.gal](mailto:cultura@alaracha.gal) ou achegala no formulario de inscrición. Se son varias fotografías, os participantes deberán xuntalas nunha única imaxe. **O prazo para envialas remata o mércores 25 de decembro de 2024 ás 23:59 h.**

As imaxes de ambas categorías publicaranse o **xoves 26 de decembro** de 2024 na páxina de Facebook do Concello da Laracha (<https://www.facebook.com/ConcelloALaracha/>) para que os usuarios da rede social **poidan votar ata as 12:00 horas do día 3 de xaneiro de 2025** premendo en calquera das opcións de reaccións positivas (“gústame” ou “encántame”).

As votacións e os premios da modalidade de Facebook funcionará do seguinte xeito:

- **Vivendas unifamiliares:** As tres imaxes con máis reaccións positivas serán as premiadas.
- **Fiesta, balcón ou fachada de edificio:** As dúas imaxes con máis reaccións positivas serán as premiadas.

### NOVENA- XURADO

Os membros do xurado serán nomeados pola Concellería de Cultura. A deliberación do xurado será secreta e a decisión, inapelable.

### DÉCIMA- Usos automáticos de votos

O Concello da Laracha resérvase o dereito de descualificar a calquera participante se existise sospeita de uso fraudulento das ferramentas e na forma de participar no concurso. Por este motivo, poderanse tomar as medidas oportunas tales como bloquear usuarios, descualificar contidos ou usuarios ou calquera outra acción que o Concello estime oportuna. Asemade, poderá realizar as comprobacións necesarias coa fin de evitar duplicidade de participacións, así como para eliminar aos inscritos que non cumpran cos requisitos mencionados ou que participen de forma fraudulenta como, por exemplo, mediante o uso de bots ou sistemas automáticos de votos.

### UNDÉCIMA- PREMIOS

#### Modalidade Vivendas unifamiliares

##### Premios xurado:

- 1º premio: 400€
- 2º premio: 300€
- 3º premio: 200€

##### Premios Facebook:

- 1º premio: 150€
- 2º premio: 100€
- 3º premio: 50€

#### Modalidade Fiestras, balcóns, ou fachadas de edificios

##### Premios xurado:

- 1º premio: 150€
- 2º premio: 100€

##### Premios Facebook:

- 1º premio: 75€
- 2º premio: 50€

**DUODÉCIMA - Publicación dos galardóns**

A listaxe de premiados publicarase na páxina web do Concello ([www.alaracha.gal](http://www.alaracha.gal)) e no Facebook (<https://facebook.com/ConcelloALaracha/>). As persoas galardoadas recibirán unha comunicación co importe do premio. As persoas participantes poderán gañar ata dous premios: un do xurado e outro do concurso de Facebook.

**DECIMOTERCEIRA – Aceptación das bases**

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases.

A Laracha 14 de novembro de 2024

O alcalde

José Manuel López Varela

2024/8172